



OLGA DOURADO GONZÁLEZ

(Rianxo 1963)

Rianxeira orgullosa, nacín na vila mariñeira de Rianxo o que sen dúbida, imprime carácter. Meu pai foi Manuel Dourado Deira, recoñecido mestre, escritor e periodista que me transmitiu o amor pola nosa terra. A miña nai foi Avelina González Rodríguez, muller sabia, valente e valerosa que me inspirou a ser unha muller independente resolutiva e forte.

Estou casada cun home estupendo que é o meu mellor soporte, e son nai de dúas fillas, Ariadna e Alexia, que son a miña maior obra.

VIDA PROFESIONAL:

No eido profesional levo máis de 30 anos como servidora pública, como funcionaria de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional, Subescala de **Secretaría-Intervención**.

Gracias a esta intensa profesión coñecín todos os curruchos da nosa terra e conectei coas diversas sensibilidades, tradicións, problemas e formas de vida puramente galegas. A miña traxectoria profesional transcorreu por concellos de varias provincias, coma Ourense (Rairiz de Veiga e Lobeira) e Coruña (Corcubión, Zás e A Baña).

Tamén fun **Técnico de Auditoría no Concello de Contas de Galicia**, facendo auditorías a varios Concellos do noso País.

O último espazo profesional onde exercín as miña labor foi no **Consortio para a Promoción da Música**, que é o Órgano Xestor da Orquestra Sinfónica, Orquestra que está considerada a mellor Orquestra Sinfónica de España e unha das mellores de Europa e as súas agrupacións xuvenís serven de canteira para a colocación de músicos virtuosos en Orquestras de toda Europa.

Ademais de toda esta labor de asesoramento legal, fe pública e fiscalización do gasto, tamén me especialicei nas diversas vertentes do eido público con cursos como o de **Directiva de Administración Pública, Técnica superior de Urbanismo, Dereito Público autonómico e inspectora urbanística** e, por outra banda, son **Experta Universitaria e con Máster en Coaching, Programación Neurolingüística (PNL), e Liderazgo de Equipos**, xa que me atraen enormemente todas as cuestións relativas as interconexións entre as persoas dende diferentes sensibilidades e caracteres.

En definitiva, podo concluír que a miña experiencia laboral e formativa me dotou da capacidade de resolver problemas humanos dentro dun contexto normativo e, por todo elo, considero que todo este bagaxe profesional e formativo pode axudar a resolver os retos que presenta esta marabillosa terra, polo cal me postulo como candidata ao Parlamento Europeo.